



| Guía Docente          |  |                    |                         |          |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                         | 2022/23  |
| Asignatura (*)        | Enfermería clínica III   | Código             | 661G01017               |          |
| Titulación            | Grao en Enfermería   |                    |                         |          |
| Descritores           |  |                    |                         |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                    | Créditos |
| Grao                  | Anual  | Terceiro           | Obrigatoria             | 9        |
| Idioma                | CastelánGalego   |                    |                         |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                         |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                         |          |
| Departamento          | Enfermería   |                    |                         |          |
| Coordinación          | Pita Vizoso, Rosa  | Correo electrónico | rosa.pita.vizoso@udc.es |          |
| Profesorado           | Pita Vizoso, Rosa  | Correo electrónico | rosa.pita.vizoso@udc.es |          |
| Web                   | campusvirtual.udc.gal/   |                    |                         |          |
| Descrición xeral      | EL propósito de esta materia es capacitar al estudiante para identificar as alteracións de saúde nas persoas adultas, as súas consecuencias a nivel persoal, familiar e comunitario; planificar e avaliar os cuidados de enfermaría, adaptándoos ao ámbito de actuación profesional, sendo o obxectivo dos cuidados conseguir o maior grao de independencia das persoas. |                    |                         |          |

| Competencias do título |   |
|------------------------|---|
| Código                 | Competencias do título  |
| A15                    | Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.  |
| A34                    | Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas distintas fases.  |
| A35                    | Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.   |
| A36                    | Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de cuidados e realizar a súa avaliación.                    |
| A37                    | Realizar as técnicas e procedementos de cuidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.   |
| A38                    | Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.  |
| A39                    | Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.   |
| B1                     | Aprender a aprender.  |
| B2                     | Resolver problemas de forma efectiva.   |
| B3                     | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.   |
| B4                     | Traballar de forma autónoma con iniciativa.   |
| B5                     | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.  |
| B6                     | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.  |
| B7                     | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.  |
| B8                     | Capacidade de análise e sínteses.   |
| B9                     | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.  |
| B11                    | Capacidade e habilidade de xestión da información.  |
| B12                    | Capacidade para organizar e planificar.   |
| B13                    | Toma de decisións.  |
| B14                    | Habilidades interpersonais.   |
| B15                    | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.  |
| B16                    | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.  |
| B19                    | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.   |
| B21                    | Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.  |
| B24                    | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.   |
| C1                     | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |
| C3                     | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |



|     |  |
|-----|--|
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.                     |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |
| C10 | CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                  |
| C12 | CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |

| Resultados da aprendizaxe  |                        |   |                             |
|--|------------------------|---|-----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título |   |                             |
| Identificar as alteracións de saúde da persoa adulta: factores que inflúen, mecanismos fisiopatolóxicos, manifestacións, os métodos diagnósticos e tratamentos médicos e cirúrxicos específicos. | A34                    | B1<br>B3<br>B4<br>B6<br>B9  | C1<br>C3<br>C11             |
| Identificar as necesidades de coidado en persoas adultas con problemas de saúde, e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.                                | A34<br>A35             | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B9<br>B15<br>B16  | C1<br>C3<br>C6<br>C11       |
| Identificar os diagnósticos de enfermaría e complicacións potenciais en persoas adultas problemas de saúde o os derivados de tratamentos, probas diagnósticas y procedementos terapéuticos.      | A34<br>A35<br>A36      | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B8<br>B9<br>B11<br>B13<br>B14<br>B15<br>B16<br>B19<br>B24 | C1<br>C3<br>C6<br>C8<br>C11 |



|  |   |   |  |
|--|---|---|--|
| Planificar cuidados de enfermaría en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.                                       | A34<br>A35<br>A36<br>A37<br>A38<br>A39        | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B11<br>B12<br>B13<br>B14<br>B15<br>B16<br>B19<br>B21<br>B24 | C1<br>C3<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C12       |
| Identificar os procesos patolóxicos que desencadenan riscos vitais.  | A15<br>A34<br>A35                             | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B8<br>B9<br>B19   | C1<br>C3<br>C11                                |
| Identificar as necesidades de cuidados das persoas adultas en situación crítica e as súas familias e planificar cuidados de enfermaría para as persoas adultas en situación crítica e as familias. | A15<br>A34<br>A35<br>A36<br>A37<br>A38<br>A39 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B12<br>B13<br>B14<br>B16<br>B21   | C1<br>C3<br>C4<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C12 |

| Contidos |          |
|----------|----------|
| Temas    | Subtemas |



|  |   |
|--|---|
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA I: ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS NEUROLÓXICAS</p>              | <p>TEMA 1. Técnicas diagnósticas en Neuroloxía<br/>TEMA 2. Accidente cerebro-vascular agudo (ACVA)<br/>TEMA 3. Síndrome menínxeo / Meninxite<br/>TEMA 4. Epilepsias<br/>TEMA 5. Esclerose múltiple<br/>TEMA 6. Enfermidade de Párkinson<br/>TEMA 7. Trastornos da transmisión neuromuscular. Miastenia gravis<br/>TEMA 8. Neuropatías periféricas<br/>TEMA 9. Tumores cerebrais<br/>TEMA 10. Enfermidades da medula espiñal. Hernia de disco<br/>TEMA 11. Valoración de enfermaría a persoas con alteraciós neurolóxicas.<br/>Problemas / diagnósticos de enfermaría máis frecuentes en doentes con alteraciós neurolóxicas. Actividades específicas.</p> |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA II:<br/>ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS HEMATOLÓXICAS</p>        | <p>TEMA 1. Xeneralidades<br/>TEMA 2. Métodos diagnósticos<br/>TEMA 3. Valoración de enfermaría a persoas con alteraciós hematolóxicas.<br/>Problemas/diagnósticos de enfermaría máis frecuentes. Actividades específicas.<br/>TEMA 4. Anemias<br/>TEMA 5. Policitemias<br/>TEMA 6. Leucemias<br/>TEMA 7. Linfomas<br/>TEMA 8. Neoplasia de células plasmáticas<br/>TEMA 9. Aplasia medular<br/>TEMA 10. Trastornos da hemostasia</p>  |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA III:<br/>ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS CARDÍACAS</p>           | <p>TEMA 1. Insuficiencia coronaria<br/>TEMA 2. Insuficiencia cardíaca.<br/>TEMA 3. Endocardite infecciosa<br/>TEMA 4. Enfermidades do pericardio<br/>TEMA 5. Tromboembolismo pulmonar.<br/>TEMA 6. Valoración de enfermaría a persoas con alteraciós cardíacas.<br/>Problemas/diagnósticos de enfermaría máis frecuentes. Actividades específicas.</p>  |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA IV: ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS DA RESPOSTA INMUNOLÓXICA</p> | <p>TEMA 1. Xeneralidades<br/>TEMA 2. Hipersensibilidade<br/>TEMA 3. Autoinmunidade e enfermidades autoinmunes<br/>TEMA 4. Síndrome de inmunodeficiencia adquirida. Infección VIH/ SIDA<br/>TEMA 5. Transplantes<br/>TEMA 6. Enfermidades con base inmunolóxica<br/>TEMA 7. Valoración de enfermaría a persoas con alteraciós da resposta inmune. Problemas/diagnósticos de enfermaría máis frecuentes. Actividades específicas.</p>   |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA V: ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS DE PEL</p>                    | <p>TEMA 1. Lesiós elementais da pel<br/>TEMA 2. Coidado de enfermaría a persoas con problemas dermatolóxicos<br/>TEMA 4. Dermatite<br/>TEMA 5. Procesos infecciosos<br/>TEMA 6. Procesos inflamatorios<br/>TEMA 7. Tumores cutáneos</p>   |



|   |   |
|---|---|
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA VI:<br/>ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS VISUAIS</p>     | <p>TEMA 1. Métodos diagnósticos<br/>TEMA 2. Principais alteracións da córnea<br/>TEMA 3. Principais alteracións da úvea<br/>TEMA 4. Principais alteracións do cristalino<br/>TEMA 5. Principais alteracións da cámara anterior do ollo<br/>TEMA 6. Principais alteracións da retina<br/>TEMA 7. Principais alteracións das pálpebras<br/>TEMA 8. Principais alteracións da conxuntiva<br/>TEMA 9. Principais alteracións do aparato lacrimal<br/>TEMA 10. Trastornos de refracción<br/>TEMA 11. Estrabismo<br/>TEMA 12. Valoración de enfermaría a persoas con alteracións visuais.<br/>.Problemas/diagnósticos de enfermaría máis frecuentes. Actividades específicas.</p> |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA VII:<br/>ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PACIENTES CON ALTERACIÓNS AUDITIVAS.</p> | <p>TEMA 1. Problemas de audición<br/>TEMA 2. Trastornos de oído externo<br/>TEMA 3. Trastornos do oído medio<br/>TEMA 4. Trastornos do oído interno<br/>TEMA 6. Valoración de enfermaría a persoas con alteracións auditivas.Problemas/diagnósticos de enfermaría máis frecuentes. Actividades específicas.</p>   |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA VIII:<br/>ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PERSOAS CON INTOXICACIÓNS.</p>          | <p>TEMA 1: Intoxicacións<br/>TEMA 2. Atención de enfermaría a persoas intoxicadas.</p>  |
| <p>UNIDADE DIDÁCTICA IX:<br/>ATENCIÓN DE ENFERMARÍA A PERSOAS EN ESTADO CRÍTICO.</p>            | <p>TEMA 1. Unidades especiais de hospitalización<br/>TEMA 2. Valoración e problemasde enfermaría frecuentes en persoas en situación crítica e as súas familias.<br/>TEMA 3. O doente politraumatizado<br/>TEMA 4. Traumatismo craneoencefálico<br/>TEMA 5. Trastornos da conciencia. Comas<br/>TEMA 6. Shock<br/>TEMA 7. Insuficiencia respiratoria aguda<br/>TEMA 8. Trastornos do ritmo cardíaco<br/>TEMA 9. Atención de enfermaría a doentes con parada cardiorespiratoria</p>   |

| Planificación         |  |                   |   |              |
|-----------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias   | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral      | A15 A34 A35 A36<br>A37 A38 A39 B5 B7<br>B8 B12 B14 B15 B16<br>B19 B24 C4 C7 C10<br>C11 | 26                | 26  | 52           |
| Lecturas              | A15 A34 A35 A36<br>A37 A38 A39 B1 B4<br>B11 B21 C6 C7 C8<br>C11                        | 0                 | 10  | 10           |



|                          |  |    |    |     |
|--------------------------|--|----|----|-----|
| Traballos tutelados      | A34 A35 A36 A37<br>A38 A39 B1 B2 B3 B4<br>B5 B6 B7 B8 B9 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B16 B19 B21 B24 C1<br>C3 C4 C6 C7 C8 C10<br>C11 C12 | 1  | 15 | 16  |
| Proba mixta              | A15 A34 A35 A36<br>A37 A38 A39 B2 B3<br>B8 B12 B13 B15 B16<br>C1 C11 C12   | 4  | 30 | 34  |
| Prácticas de laboratorio | A15  | 1  | 5  | 6   |
| Estudo de casos          | A34 A35 A36 A37<br>A38 A39 B1 B2 B3 B4<br>B5 B6 B7 B8 B9 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B16 B21 B24 C1 C3<br>C6 C7 C10 C11 C12              | 36 | 68 | 104 |
| Atención personalizada   |  | 3  | 0  | 3   |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |  |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías             | Descrición   |
| Sesión maxistral         | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.   |
| Lecturas                 | Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.  |
| Traballos tutelados      | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela da profesora e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.<br>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.   |
| Proba mixta              | Integra estudo de casos, preguntas de tipo probas de ensaio e preguntas de tipo probas obxectivas referidas aos contidos desenvolto a través das distintas metodoloxías durante o curso.<br>O estudo de casos recolle preguntas de análise da situación, identificación de problemas e planificación de accións para previr ou resolver os problemas identificados.<br>As preguntas de ensaio recollen preguntas de desenvolvemento aberto. Nas preguntas obxectivas, podense combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |
| Prácticas de laboratorio | Actividade na que o estudante a través da realización de actividades prácticas adquire destreza na realización de técnicas e procedementos de enfermaría. A asistencia é obrigatoria.  |
| Estudo de casos          | Actividade na que sitúase os estudantes ante un caso clínico (situación real da actividade profesional) e deben ser capaces de analizar os feitos, comprender a situación e desenvolver as accións para previr ou resolver os problemas identificados  |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |
|                        |            |



|   |  |
|---|--|
| Estudo de casos<br>Traballos tutelados<br>Proba mixta | <p>A atención personalizado relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada cos traballos tutelados e o estudo de casos ten como finalidade orientar os estudantes no desenvolvemento das actividades relativas a estas metodoloxías. O seguimento farase de forma individual, ben de maneira presencial, a través do correo electrónico ou Teams</p> |
|---|--|

| Avaliación               |  |  |               |
|--------------------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías             | Competencias   | Descrición   | Cualificación |
| Estudo de casos          | A34 A35 A36 A37<br>A38 A39 B1 B2 B3 B4<br>B5 B6 B7 B8 B9 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B16 B21 B24 C1 C3<br>C6 C7 C10 C11 C12              | <p>Esta metodoloxía desenvolverase de xeito individual e presencial, a/o estudante resolvera a situación de saúde descrita nun caso clínico. Valorarase a capacidade para relacionar o coñecemento xeral con problemas concretos, a capacidade de análise e comprensión da situación, así como a idoneidade das solucións formuladas. Cando a/o estudante deba presentar o estudo de caso ao grupo a asistencia será obrigatoria, valorarase a capacidade de interacción dentro do grupo e as aportacións durante o proceso de reflexión colexiada.</p> <p>Cada estudo de caso puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A nota desta metodoloxía será a media ponderada dos casos realizados. Para a súa separación é preciso obter unha media de 5 sobre 10.</p> <p>Suporá o 15 % da cualificación final.</p> | 15            |
| Traballos tutelados      | A34 A35 A36 A37<br>A38 A39 B1 B2 B3 B4<br>B5 B6 B7 B8 B9 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B16 B19 B21 B24 C1<br>C3 C4 C6 C7 C8 C10<br>C11 C12 | <p>A realización dos traballos tutelados será obrigatoria e de carácter grupal. A avaliación dos traballos inclúe o desenvolvemento do traballo cooperativo e a valoración de competencias específicas e transversais. Farse tendo en conta, fundamentalmente, o razoamento diagnóstico e terapéutico: selección de datos recollidos na valoración, identificación de problemas (DdE e CP) e establecemento de prioridades, e selección de resultados e intervencións de enfermaría (NOC, NIC). Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 15% da cualificación final.</p>  | 15            |
| Proba mixta              | A15 A34 A35 A36<br>A37 A38 A39 B2 B3<br>B8 B12 B13 B15 B16<br>C1 C11 C12   | <p>Realizaranse unha proba escrita coincidindo coa data oficial do exame da materia ao finalizar o curso. As probas constarán de casos clínicos, preguntas curtas e/ou tipo test relacionadas con contidos teóricos, lecturas, estudo de casos e traballos tutelados Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Esta proba suporá o 70 % da cualificación final.</p>   | 70            |
| Prácticas de laboratorio | A15  | <p>A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria. A superación lograrase cando o estudante adquira as habilidades e destrezas necesarias no desenvolvemento dos procedementos e técnicas. A avaliación dos coñecementos inclúese nas preguntas da proba mixta.</p>  | 0             |

### Observacións avaliación



Poderá realizarse unha avaliación parcial mediante unha proba mixta das mesmas características que as descritas para a avaliación final.

A aplicación das porcentaxes na avaliación

final para a superación da materia quedará suxeita as seguintes condicións:

será necesario obter unha cualificación mínima de 5 na proba mixta e no estudo de casos e de 4,5 no traballo tutelado.

2ª oportunidade : respectarase a nota das partes superadas na 1º oportunidade.

Estudantes cos metodoloxías non superadas:

Proba mixta 85% (inclúe preguntas relativas o desenvolvemento dos traballos tutelados). Estudo de 15% (deberá presentalos o día da proba mixta)

Adianto de oportunidade: Proba mixta 100%

(inclúe preguntas relativas o desenvolvemento dos contidos, traballos tutelados e resolución de estudo de casos)

Estudantes con matrícula parcial: As metodoloxías e porcentaxes serán as mesmas, o traballo tutelado realizárase de xeito grupal ou individual segundo acordo previo co estudiantado. O estudo de casos será individual acordándose previamente as datas de entrega.

Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluíndo aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, considerárase causa de cualificación de suspenso na actividade.

Fontes de información





**Bibliografía básica**

- BUTCHER HK, GM, DOCHTERMAN JM, WAGNER CM. (2018). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC).. Ed. Elsevier. Madrid
  - MOORHEAD S, SWANSON E. JOHNSON M, MAAS ML, (2018). Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC). Ed. Elsevier. Madrid
  - NANDA Internacional. (2021). NANDA Internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. . 12 ed.Ed. Elsevier. Madrid
  - NANDA Internacional. (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos.. Barcelona. Elsevier.
  - LUIS RODRIGO MT. (2013). Diagnósticos Enfermeros. Revisión y guía práctica. Ed. Elsevier. Barcelona
  - FARRERAS / ROZMAN. (2012). Medicina Interna. (2 vol.). 12 ed. Barcelona: Elsevier
  - HARRISON. (2012). Principios de Medicina Interna (2 vol.). (18 ed.). Mexico DF.: McGraw-Hill Interamericana
  - LEWIS SM, HEITKEMPER MM, DIRKSEN SR. (2004). Enfermería Medicoquirúrgica. Valoración y Cuidados de Problemas Clínicos (2 vol.. Madrid: Elsevier-Mosby
  - (2006). Netter. Cardiología. . Barcelona: Masson
  - PÍRIZ CAMPOS R, DE LA FUENTE RAMOSM. (2001). Enfermería Médico-Quirúrgica. (3 vol.). Madrid: Difusión Avances en Enfermería
  - (2002). Planes de Cuidados. Complejo Hospitalario Universitario Juan Canalejo.. A Coruña
  - PAMELA STISON HIDD, KATHLEEN DORMAN WAGNER. (1997). Enfermería clínica avanzada: atención a pacientes agudos.. Madrid: Síntesis
  - URDEN, STACY (2001). Cuidados Intensivos en Enfermería. . Madrid: Harcourt
  - LINDNER U, DUBIN D. (2005). Introducción a la electrocardiografía: Método autodidacta de interpretación de ECG.. Barcelona: Masson
  - RICHARD DEAN SENKINS, STEPHAN JOHIN (2006). ECG en ejemplos. (2ª ed). Madrid: Elsevier
  - LeMone, P. y Burke, K. (2009). Enfermería medicoquirúrgica: pensamiento crítico en la asistencia del paciente. Vol. I, Vol. II. (4a. ed.). Pearson Educación.
- En red: ? Sociedad Española de Medicina Intensiva, Crítica y Unidades Coronarias. ? <http://www.semicyuc.org>  
? European Resuscitation Council ? <http://www.erc.edu/new> ? Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia  
? <http://061.sergas.es> ? <http://www.fisterra.com/> ? <http://biblioteca.sergas.es> Revistas: ? Enfermería clínica ? Metas de Enfermería ? Nursing ? Rol de enfermería ? Index de enfermería ? Enfermería intensiva.Fuentes Pumarola, C. Sirvent, J. y Bonet Saris, A. (2013). Manual de enfermería intensiva. Documenta Universitaria. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaucd/titulos/115423>Martín-Romo Mejías, J. (Coord.). (2014). Actuación de Enfermería en urgencias (2a. ed.). Editorial ICB. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaucd/titulos/113010>Barranco Martos, A. (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo I. Editorial CEP, S.L. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaucd/titulos/50560>Barranco Martos, A. (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo II. Editorial CEP, S.L. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaucd/titulos/50561> Barranco Martos, A. (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo III. Editorial CEP, S.L. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaucd/titulos/50562> Barranco Martos, A. (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Editorial CEP, S.L. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaucd/titulos/50563>LeMone, P. y Burke, K. (2009). Enfermería medicoquirúrgica: pensamiento crítico en la asistencia del paciente. Vol. I, Vol. II (4a. ed.). Pearson Educación. [https://www-ingebook-com.accedys.udc.es/ib/NPcd/IB\\_BooksVis?cod\\_primaria=1000187&codigo\\_libro=4544](https://www-ingebook-com.accedys.udc.es/ib/NPcd/IB_BooksVis?cod_primaria=1000187&codigo_libro=4544) Smeltzer, S. C. Hinkle, J. L. y Bare, B. G. (2013). Brunner y Suddarth. Enfermería medicoquirúrgica. Volumen I, II (12a. ed.). Wolters Kluwer Health. <https://elibro-net.accedys.udc.es/es/ereader/bibliotecaucd/127469>

**Bibliografía complementaria**



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001  
Bioloxía/661G01002  
Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004  
Nutrición/661G01009  
Farmacoloxía/661G01011  
Situacións de risco para a saúde e Radioloxía/661G01013  
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016  
Estancias Clínicas I/661G01025  
Estancias Clínicas II/661G01026  
Enfermaría Clínica I/661G01034  
Enfermaría Clínica II/661G01035  
Fisioloxía/661G01105  
Fundamentos de Enfermaría/661G01107

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Comunitaria II/661G01019  
Enfermaría Xerontolóxica/661G01020  
Xestión dos servizos da Enfermaría/661G01021

### Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas IV/661G01028  
Estancias Clínicas V/661G01029  
Practicum/661G01032

## Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. No caso de que a entrega dos traballos, fose en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradores.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías